



## **SUBGRUPO C1-TEMA 7-Incompatibilidades-GALEGO**

### **TEMA 7- Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas**

1. De acordo co artigo 1.3 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, en calquera caso, o desempeño dun posto de traballo polo persoal incluído no ámbito de aplicación desta lei será incompatible co exercicio de calquera cargo, profesión ou actividade, público ou privado:

- a) Que poida impedir ou menoscabar o estrito cumprimento dos seus deberes ou comprometer a súa imparcialidade ou independencia.
- b) Que non afecte a súa imparcialidade.
- c) Que non comprometa a súa independencia.

2. De conformidade co artigo 1.1 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, o persoal comprendido no ámbito de aplicación desta lei non poderá compatibilizar as súas actividades co desempeño, por si ou mediante substitución:

- a) Dun segundo posto de traballo, cargo ou actividade no sector público, salvo nos supostos previstos nesta.
- b) Dun segundo posto de traballo, cargo ou actividade no sector privado, salvo nos supostos previstos nesta.
- c) Dun segundo posto de traballo, cargo ou actividade no sector público, sen excepción.

3. Con respecto á percepción de remuneracións, sinala o artigo 1 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas que:

- a) Non se poderá percibir, salvo nos supostos previstos na devandita lei, máis dunha remuneración con cargo aos orzamentos das administracións públicas.
- b) Non se poderá percibir en ningún caso máis dunha remuneración con cargo aos orzamentos das administracións públicas.
- c) Poderán recibirse ata un máximo de dúas remuneracións con cargo aos orzamentos das administracións públicas.

4. Segundo o artigo 2.1.h) da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, a presente lei será de aplicación:

- a) Ao persoal que preste servizos en empresas en que a participación do capital, directa ou indirecta, das administracións públicas sexa superior ao 70 por 100.
- b) Ao persoal que preste servizos en empresas en que a participación do capital, directa ou indirecta, das administracións públicas sexa superior ao 50 por 100.
- c) Ao persoal que preste servizos en empresas en que a participación do capital, directa ou indirecta, das administracións públicas sexa superior ao 80 por 100.





## **SUBGRUPO C1-TEMA 7-Incompatibilidades-GALEGO**

5. Segundo o artigo 2.1.g) da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, a presente lei será de aplicación a:

- a) O persoal ao servizo de entidades, corporacións de dereito público, fundacións e consorcios cuxos orzamentos se doten ordinariamente en máis dun 70 por 100 con subvencións ou outros ingresos procedentes das administracións públicas.
- b) O persoal ao servizo de entidades, corporacións de dereito público, fundacións e consorcios cuxos orzamentos se doten ordinariamente en máis dun 50 por 100 con subvencións ou outros ingresos procedentes das administracións públicas.
- c) O persoal ao servizo de entidades, corporacións de dereito público, fundacións e consorcios cuxos orzamentos se doten ordinariamente en máis dun 60 por 100 con subvencións ou outros ingresos procedentes das administracións públicas.

6. De acordo co artigo 3.1 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, o persoal comprendido no ámbito de aplicación desta lei só poderá desempeñar un segundo posto de traballo ou actividade no sector público nos supostos previstos nesta para as funcións:

- a) Sanitaria e militar.
- b) Docente e militar.
- c) Docente e sanitaria.

7. De acordo co artigo 3.1 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, para o exercicio da segunda actividade será indispensable a previa e expresa autorización de compatibilidade, que:

- a) Pode supoñer a modificación da xornada de traballo e do horario dos dous postos e condiciónase ao seu estrito cumprimento en ambos.
- b) Non supoñerá a modificación da xornada de traballo, pero si que pode supoñer a modificación do horario dos dous postos.
- c) Non supoñerá a modificación da xornada de traballo e do horario dos dous postos e condiciónase ao seu estrito cumprimento en ambos.

8. De conformidade co artigo 3.1 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, en todo caso a autorización de compatibilidade efectuarase en razón:

- a) Do interese público.
- b) Do interese privado.
- c) Do interese xeral.

9. De conformidade co artigo 4.1 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, poderá autorizarse a compatibilidade, logo de cumpridas as restantes esixencias desta lei, para o desempeño dun posto de traballo na esfera docente como profesor universitario asociado en réxime de dedicación:

- a) Non superior á de tempo parcial e con duración determinada.
- b) Non superior á de tempo completo e con duración determinada.
- c) Non superior á de tempo parcial e con duración indefinida.





## SUBGRUPO C1-TEMA 7-Incompatibilidades-GALEGO

10. De acordo co artigo 4.2 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, ao persoal docente e investigador da universidade poderá autorizárselle, logo de cumpridas as restantes esixencias desta lei, a compatibilidade para o desempeño dun segundo posto de traballo:

- a) No sector privado sanitario.
- b) No sector público sanitario ou de carácter exclusivamente investigador.
- c) No sector privado sanitario ou de carácter exclusivamente investigador.

11. Poderá autorizárselles a compatibilidade aos catedráticos e profesores titulares de universidade e aos catedráticos de escolas universitarias para o desempeño dun segundo posto de traballo no sector público sanitario ou de carácter investigador en centros públicos de investigación, sempre que conorra algunha das seguintes circunstancias (artigo 4 Lei 53/1984, do 26 de decembro):

- a) Que a compatibilidade sexa solicitada pola universidade da que proveña.
- b) Que sexa dentro da área de especialidade do seu departamento universitario.
- c) Que un dos dous postos veña regulamentariamente autorizado como de prestación a tempo parcial.

12. De conformidade co artigo 5.1 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, por excepción, o persoal incluído no ámbito de aplicación desta lei poderá compatibilizar as súas actividades co desempeño dos cargos electivos seguintes:

- a) Membros do Congreso dos Deputados.
- b) Membros das asembleas lexislativas das comunidades autónomas.
- c) Membros do Senado.

13. De acordo co artigo 5.2 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, nos supostos comprendidos neste artigo só poderá percibirse a retribución correspondente a unha das dúas actividades:

- a) Aínda que en determinados supostos poderán percibirse as retribucións das dúas actividades.
- b) Aínda que en ningún caso se poderán percibir as axudas de custo ou indemnizacións que correspondan pola outra actividade.
- c) Sen prexuízo das axudas de custo, indemnizacións ou asistencias que correspondan pola outra.

14. De conformidade co artigo 6.1 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, sen prexuízo do previsto no artigo 4.3, excepcionalmente poderá autorizárselle ao persoal incluído no ámbito desta lei a compatibilidade para o exercicio de actividades de investigación:

- a) De carácter non permanente.
- b) De carácter permanente.
- c) De carácter discontinuo.



## SUBGRUPO C1-TEMA 7-Incompatibilidades-GALEGO

15. De acordo co artigo 7.1 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, será requisito necesario para autorizar a compatibilidade de actividades públicas que a cantidade total percibida por ambos os postos ou actividades non supere a remuneración prevista nos orzamentos xerais do Estado para o cargo de:

- a) Director xeral.
- b) Ministro.
- c) Secretario de Estado.

16. O artigo 7 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas establece que será requisito necesario para autorizar a compatibilidade de actividades públicas que a cantidade total percibida por ambos os postos ou actividades non supere a remuneración prevista nos orzamentos xerais do Estado para o cargo de director xeral, nin supere a correspondente ao principal, estimada en réxime de dedicación ordinaria, incrementada en:

- a) Un 30 por 100, para os funcionarios do grupo A ou persoal de nivel equivalente.
- b) Un 40 por 100, para os funcionarios do grupo A ou persoal de nivel equivalente.
- c) Un 50 por 100, para os funcionarios do grupo A ou persoal de nivel equivalente.

17. O artigo 7 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas establece que será requisito necesario para autorizar a compatibilidade de actividades públicas que a cantidade total percibida por ambos os postos ou actividades non supere a remuneración prevista nos orzamentos xerais do Estado para o cargo de director xeral, nin supere a correspondente ao principal, estimada en réxime de dedicación ordinaria, incrementada en:

- a) Un 30 por 100, para os funcionarios do grupo C ou persoal de nivel equivalente.
- b) Un 40 por 100, para os funcionarios do grupo C ou persoal de nivel equivalente.
- c) Un 60 por 100, para os funcionarios do grupo C ou persoal de nivel equivalente.

18. De acordo co artigo 7.2 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, os servizos prestados no segundo posto ou actividade:

- a) Non se computarán para os efectos de trienios, pero si de dereitos pasivos.
- b) Non se computarán para os efectos de trienios nin de dereitos pasivos.
- c) Computaranse para os efectos de trienios e de dereitos pasivos.

19. De conformidade co artigo 8 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, non se poderá pertencer a máis de dous consellos de administración ou órganos de goberno a que se refire o apartado anterior, salvo que se autorice excepcionalmente para supostos concretos mediante:

- a) Lei.
- b) Real decreto do Goberno.
- c) Acordo do Goberno.

20. Segundo o artigo 9 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, a autorización ou denegación de compatibilidade para un segundo posto ou actividade no sector público corresponde ao:

- a) Secretario de Estado para o Deporte.
- b) Consello de Ministros.
- c) Ministerio da Presidencia.



## **SUBGRUPO C1-TEMA 7-Incompatibilidades-GALEGO**

21. Segundo o artigo 9 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, a quen lle corresponde facer a proposta de autorización ou denegación de compatibilidade para un segundo posto ou actividade no sector público?:

- a) Ao Ministerio da Presidencia.
- b) Á subsecretaría do departamento correspondente.
- c) Á dirección xeral correspondente.

22. De conformidade co artigo 10 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, quen acceda por calquera título a un novo posto do sector público que conforme a esta lei resulte incompatible co que viñesen desempeñando, haberán de:

- a) Optar por un deles dentro do prazo de toma de posesión.
- b) Optar por un deles despois da toma de posesión.
- c) Optar por un deles antes da toma de posesión.

23. Quen acceda por calquera título a un novo posto do sector público que, conforme á Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, resulte compatible co que viñese desempeñando, deberá instar a autorización de compatibilidade (artigo 10 Lei 53/1984, do 26 de decembro):

- a) Dentro do prazo de toma de posesión.
- b) Nos vinte primeiros días do prazo de toma de posesión.
- c) Nos dez primeiros días do prazo de toma de posesión.

